

BONE TOMAHAWK

[S. Craig Zahler, 2015]

92

ESTREA EN NUMAX: 11.03.2016 | V.O.S.E. | +18

FICHA TÉCNICA

Bone Tomahawk (2015, 133')

Dirección: S. Craig Zahler

Guión: S. Craig Zahler

Reparto: Kurt Russell, Patrick Wilson, Matthew Fox, Lili Simmons, Richard Jenkins, Sean Young, David Arquette, Kathryn Morris, Sid Haig, Geno Segers, Michael Paré, Jamie Hector

Montaxe: Greg D'Auria, Fred Raskin

Dirección de arte: Laura Evans

Son: Roland Vajs

Vestiario: Chantal Filson

Música: Jeff Herriott, S. Craig Zahler

Fotografía: Benji Bakshi

Produtora: Caliber Media Company, The Fyzz Facility, Reambuilder Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

PREMIOS E FESTIVAIS

Sitges 2015 (mellor director e premio da crítica). Independent Spirit Awards 2015 (nomeado ao mellor actor secundario e guión).

«Filme destinado a se converter, desde xa, nun título de culto, e que contribúe a resucitar a carreira dun Kurt Russell ao que os aires dun decadente heroe hawksiano lle sentan como unha luva»

José Antonio Martín León
EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO

SINOPSE

Á localidade de Bright Hope chega un forasteiro que axiña esperta as sospeitas do sheriff, que termina por arrestalo tras unha liorta. Unha muller decide coidar do preso, mais unha noite ambos desaparecen. Seguindo a única pista que ten, unha frecha dunha tribo caníbal, o sheriff buscará a moza coa axuda dalgúns homes, entre eles un vaqueiro e un ancián.



BONE TOMAHAWK

[S. Craig Zahler, 2015]

Entrevista con S. Craig Zahler

Por Matthew Grobar

Cal foi a túa inspiración para este proxecto? Son un fan dos western e este é o quinto que escribo. Escribín un libro chamado *Wraiths of the Broken Land*, que é un western bastante desagradábel sobre este mesmo período. Pensei na dirección porque ao longo da miña carreira vendín arredor de vinte guións de western en Hollywood e non vin ningún rematado, o cal é bastante frustrante. Ademais teño formación como director de fotografía e de teatro. Xa tiña pensando na posibilidade de facer algo, mais cando falei con Dallas Sonnier, produtor do filme, e a miña axente, Julien Thuan, ambos preguntáronme se podería facer un western e alá fun.

En concreto, gústame escribir western con toques de terror, polo que me encomendaron realizar un filme de baixo orzamento arredor de *Wraiths of the Broken Land*. Pensar en reducir un texto de 90.000 palabras á duración dun filme resultaba dificilmente satisfactorio pois tería que descartar unha chea de material e, mesmo se o filme tivese unha gran metraxe, semellaría sempre máis cativo ca o libro. No canto diso pensei en escribir outro western arredor dunha misión de rescate, mais quería xogar con material diferente ao habitual, e daquela pensei en crear a miña propia tribo. E esa idea vén do campo da ficción arredor dos pobos desaparecidos, como os libros de H. Rider Haggard, máis ca dos western. Ese foi o comezo. Do que estou certo é de que non había ningún filme que quixese emular.

Bone Tomahawk é un dos dous western nos que participou Kurt Russell en 2015. Atópaste ben acompañado c'Os odiosos oito [Quentin Tarantino, 2015]... Quentin veu á estrea do filme, sentou ao meu carón e non parou de rir en toda a proxección. Mais se comparamos o meu filme co de Tarantino, coido que non teñen nada que ver. Vaia por diante que son un fan de todo o que fai. Mais vin *Os odiosos oito* e para min atópase lonxe dos seus mellores filmes. Coido que, en xeral, moitas das actuacións son demasiado teatrais, mais a atmosfera

era a axeitada e gocei dalgunhas tramas. O que non vexo é maior similitude entre os filmes máis aló da partición de Kurt Russell o mesmo ano en dous filmes do Oeste. En *Bone Tomahawk* tentei facer, dalgún xeito, un filme que abrazase varios dos elementos clásicos do western, en termos de historia de aventura integrada na paisaxe e todos eses personaxes que evolucionan e chegan a encontrarse, mais hai tamén unha forte compoñente misteriosa que garda algunha similitude c'*Os odiosos oito*, no sentido da revelación dalgún segredo dos protagonistas e o concepto da maquinación. Desde logo prefiro de longo a actuación de Kurt no meu filme ca no de Tarantino, mais iso débese a que teño preferencia polos filmes máis contidos e sutís. A miña outra actuación de Russell preferida probabelmente sexa en *Dark Blue* [Ron Shelton, 2002]. De feito gústame máis en *Death Proof* [Quentin Tarantino, 2007] ca n'*Os odiosos oito*. Coido que naquela estaba realmente ben.

O filme está gravado en California. Houbo condicionamentos financeiros nesa decisión? Algún houbo. Se

puidese escoller o sitio ideal para gravar o filme, probabelmente a miña primeira elección fose Novo México, e desde logo non estou satisfeito coas localizacións exteriores do filme. Isto non é de ningún xeito un reproche ao noso marabilloso deseñador de produción, Freddy Waff, mais eu tiña na mente unha progresión xeográfica moi precisa, dos outeiros ao verde, das chairas ao verde, do verde á sucidade, da sucidade ao vermello, ao branco, ao rochedo, e finalmente a un escenario primordial que alguén comparou con *Viaxe ao centro da terra*. A progresión da paisaxe aparecía de xeito moi preciso no guión e gastei un lote de tempo viaxando a diferentes pobos de Los Angeles tentando atopar espazos que substituísen a idea orixinal. Hai elementos que funcionan mais para min, se analizo o que tiña en mente e o que finalmente está na pantalla, este é o elemento máis frouxo. Mesmo así trátase dun filme do que estou orgulloso e coido que á volta do 80 por cento do que imaxinaba atópase no filme, o que non é pouco.

Texto extraído de: <http://deadline.com/2016/01/s-craig-zahler-bone-tomahawk-writer-director-film-independent-spirit-awards-interview-1201687088/>

Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org